



# Exportar a alta tecnoloxía galega

## Description

Os sectores que máis invisten proporcionalmente en innovación en Galicia son, por orde, a automoción (4,04%), a saúde e asistencia social (3,47%), o téxtil e a moda (3,12%), o sector das TIC (3,01%), madeira e moble (2,88%), servizos profesionais (2,68%), pesca (2,43%), a produción de maquinaria e bens de equipo (1,31%), e o sector de químicos e derivados (1,11%). Un feito contrastado é que a innovación galega veu caracterizándose nas últimas décadas por estar centrada en sectores de baixa intensidade tecnolóxica.

O concepto de intensidade tecnolóxica (*tech intensity*) é un indicador da capacidade de innovación das empresas e da súa capacidade de adaptacións aos cambios da contorna, que permitirían asegurar a súa supervivencia futura. Nun contexto no que as habilidades e ferramentas dixitais son necesarias en practicamente todos os sectores, a intensidade tecnolóxica estaría relacionada non só coa capacidade das empresas para crecer mediante a adopción de tecnoloxía externa, senón tamén a través da construción de tecnoloxías (dixitais) propias.

## O sector exterior da alta tecnoloxía

Se reparamos nas estatísticas de exportación de alta tecnoloxía en Galicia, o primeiro que chama a atención é o crecemento anual case constante que estas veñen reflectindo nos últimos vinte anos (en concreto entre 2004-2022), agás en 2009 e 2018. Neste período, as exportacións de alta tecnoloxía galega multiplicaron o seu valor por máis de oito (+812,44%). Se observamos a información polo miúdo, os datos veñen a reflectir principalmente os incrementos do valor das exportacións do sector químico nos últimos 10 anos (+1.637,68%), acompañados polo incremento no sector farmacéutico (+1.804,08%) e na exportación de material electrónico e equipos de comunicación (+276,27%).

É precisamente nestes sectores, produtos químicos (59,40% do total), farmacéuticos (16,17%), e material electrónico (12,61%), acompañados pola maquinaria informática (3,35%) e eléctrica (3,39%) e do instrumental científico (3,29%) nos que se distribúen as exportacións da alta tecnoloxía galega. Máis de tres cuartas partes do total das exportacións concéntranse nos sectores químico e farmacéutico, o que convidaría a fomentar a diversificación deste tipo de exportación.



## “Deberes” pendentes da internacionalización da innovación

Ademais de reforzar as políticas específicas de internacionalización da innovación, sería conveniente apostar polo incremento da capacidade tecnolóxica doutros sectores. Nesta dirección, a implantación da Axencia Europea de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) -coa posibilidade de crear un polo TIC máis consistente- e o pulo cara modelos produtivos máis sostibles poderían supoñer unha oportunidade.

Con todo, a decisión de innovar presenta aínda outros obstáculos para as empresas en Galicia, entre os que se distinguen factores de custo, de coñecemento e de mercado. En relación aos primeiros, o sector privado subliña con frecuencia o alto custo da innovación e a falta de financiamento para levala a cabo. Entre os factores de coñecemento, os aspectos clave virían marcados pola falta de persoal cualificado e a dificultade para atopar socios para innovar. Por último, respecto dos mercados de factores, as barreiras máis importantes serían as creadas polas grandes empresas que dominan determinados mercados, así como a existencia de incertezas respecto da demanda futura.

Sen dúbida, son estes algúns factores nos que cómpre incidir mediante un reforzo a nivel sistémico (infraestruturas, espazos para a cooperación, seguir afondando na diversificación de programas, etc), o que requiriría de maior intensidade nas políticas tecnolóxicas. Mais con este fin habería outras cuestións necesarias de fondo que sería necesario tratar, como o apoio a sectores determinados, ou o incremento de tamaño das empresas (con persoal máis cualificado, ampliación do coñecemento, etc), o que permitiría sentar as bases para abordar cun mellor punto de partida parte dos problemas antes mencionados. Isto implicaría tamén o apoio a través de políticas industriais. Complexo, pero posible.

[Publicado en Nós Diario o 02/01/2024]

### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

### ETIQUETAS

Galicia Internacionalización Innovación tecnoloxía galiza LiñainvestigaciónEconomía Diego Sande Veiga

### IDIOMA

Galego

### INVESTIGACION

Paradiplomacia Economía

### Date Created

Xaneiro 23, 2024

### Meta Fields

**Autoria :** 16967

**Datapublicacion :** 20240102

**Subtitulo :** Artigo publicado orixinalmente en Nós Diario, o 2 de xaneiro do 2024